

ANUNCIO DE RECTIFICACIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO INMOBILIARIO EN CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO.EXP0049SE12-ABO.

Detectados unha serie de erros materiais nos pregos de condicións referentes a contratación dos “ *traballos de actualización do catastro inmobiliario en concellos da provincia de Lugo*” e tendo en conta o artigo 105.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, o Ilmo. Sr. Presidente da Excma Deputación provincial de Lugo, Resolveu, con data 29 de novembro, subsanar os referidos erros nos seguintes termos:

1º.- Rectificar a cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas particulares, nos seguintes termos.-

Onde dí.-

(...) SOBRE C: OFERTA ECONÓMICA: Valorarás exclusivamente o trámite 902 N urbana. Se valorará desde 0 e ata os 52 puntos.

Para a valoración deste apartado terase en conta:

- Aquelas ofertas que igualen o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos.
- Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 13ª.
- Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$P_o = POE * \frac{(OL - O_i)}{(OL - O_b)}$$

Onde:

P_o = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta económica (52 puntos)

OL = orzamento de licitación

O_i = oferta presentada

O_b = oferta máis baixa presentada(...).

Debe decir.-

(...) SOBRE C: OFERTA ECONÓMICA: Valorarase exclusivamente o trámite 902 N. Se valorará desde 0 e ata os 52 puntos.

Para a valoración deste apartado terase en conta:

- Aquelas ofertas que igualen o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos.
- Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 13ª.
- Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$P_o = POE * \frac{(OL - O_i)}{(OL - O_b)}$$

Onde:

P_o = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta económica (52 puntos)

OL = orzamento de licitación

O_i = oferta presentada

O_b = oferta máis baixa presentada(...)

2º.- Rectificar o seguinte parágrafo do prego de prescricións técnicas particulares de xeito que,

Onde di:

“(...)PREZO DE LICITACIÓN.- O valor estimado do contrato é de 165.289,26 € ao que terá que engadirse a cantidade de 34.710,74 € en concepto de iva, facendo un total de 200.000 euros

O prezo total será o resultado de aplicar os prezos unitarios ás actuacións que sexan realizadas. Os ditos prezos unitarios máximos, iva incluído, que se establecen para cada unha das prestacións obxecto do contrato, son as seguintes

 Tramitación de expedientes 902-N urbana:

50 €/unidade IVE incluído. Nestes prezos inclúese a investigación de descoñecidos e detención de omisións de calquera clase, incluíndo igualmente a declaración asinada con toda a documentación e o traballo de campo necesario para a tramitación.

(...)

✚ Tramitación de expedientes 902-N rústica

12 €/unidade IVE incluído (...)"

Debe dicir:

"(...)PREZO DE LICITACIÓN.- O valor estimado do contrato é de 165.289,26 € ao que terá que engadirse a cantidade de 34.710,74 € en concepto de ive, facendo un total de 200.000 euros

O prezo total será o resultado de aplicar os prezos unitarios ás actuacións que sexan realizadas. Os ditos prezos unitarios máximos, ive incluído, que se establecen para cada unha das prestacións obxecto do contrato, son as seguintes

✚ Tramitación de expedientes 902-N:

50 €/unidade IVE incluído. Nestes prezos inclúese a investigación de descoñecidos e detención de omisións de calquera clase, incluíndo igualmente a declaración asinada con toda a documentación e o traballo de campo necesario para a tramitación."

3º.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas 15 días naturais a contar dende o día seguinte da publicación no B.O.P de Lugo.

4º.- Publicar a presente rectificación no perfil do contratante e no B.O.P.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO INMOBILIARIO EN CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO.

PRIMEIRA. – OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a prestación do servizo de actualización do catastro inmobiliario en Concellos da Provincia de Lugo, obxecto que se especifica e se desglosa no prego de prescricións técnicas, prego que ao igual que o presente ostentará carácter contractual, conforme prevén os artigos 26, 109 e 115 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.(en diante TRLCSP), polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade polo adxudicatario, no mesmo acto de formalización do contrato. Así mesmo, revestirán carácter contractual as melloras que de índole económica ou técnica presentase o adxudicatario e fosen aceptadas pola Excm. Deputación provincial de Lugo.

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPV), recollida no Regulamento (CE) Nº 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) Nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE y 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV.

71354400 (Servicios de estudios catastrales).

En caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos documentos contractuais, prevalecerá o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

Mediante a execución do contrato ao que se refire o presente prego satisfécese a necesidade de incorporar os bens inmoables no Catastro Inmobiliario, así como as alteracións das súas características, modificando cantos datos sexan precisos para que a descrición catastral dos inmoables afectados concorde coa realidade, tal como establece o artigo 11.1 do Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, habida conta que os medios propios dos que dispón a Administración ao efecto se consideran insuficientes, sen que dita insuficiencia xustifique a ampliación dos referidos medios propios.

SEGUNDA. - ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Ilmo.Sr. Presidente.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán

executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdicción contencioso administrativa (artigo 21 do TRLCSP).

Os actos administrativos aos que se fai referencia, poñen fin á vía administrativa, podendo interpoñer contra os mesmos recurso potestativo de reposición ante o órgano que os dictou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (segundo o caso), ou directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado da devandita xurisdicción en Lugo, no prazo de dous meses contados dende a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa..

No caso de interpoñer recurso de reposición o prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo será de dous meses dende a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, si fose expresa, ou de seis meses dende a súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo de un mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

TERCEIRA. - RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos, de conformidade co establecido no artigo 10 do TRLCSP que establece que son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración, e que se dividen nas categorías enumeradas no Anexo II

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do TRLCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4

Ao contrato élle de aplicación o TRLCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de acordo co disposto nos artigos 18 e 19 do TRLCSP, e rexerese polo mesmo. Con carácter supletorio, e en todo aquilo que non se opoña ao TRLCSP, serán de aplicación; o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a LCSP; o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLC); ó Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; á Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e no que aínda continúa vixente, ó Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado polo Decreto de 17 de xuño de 1955 así como, en xeral, as normas ditadas polo Estado e máis o conxunto de leis e normas da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do art. 149.1.18 da Constitución.

De forma supletoria, se aplicarán calquera outras normas de Dereito administrativo e, no seu defecto, as normas oportunas de Dereito privado. Rexerá así mesmo, a normativa administrativa que derogue, substitúa ou modifique á citada e toda a que, no seu caso, estea vixente e lle sexa de aplicación na data de formalización e execución do contrato ata a súa completa extinción.

Trátase dun contrato que non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o disposto nos artigos 13 e 16 do TRLCSP.

O réxime de invalidez do contrato será o establecido no Capítulo V, do Título I, Libro I do TRLCSP

CUARTA. – ORZAMENTO DE LICITACIÓN

O presuposto do presente contrato que servirá como base para a licitación ascende á cantidade de 165.289,26 euros, aos que se engadirán 34.710,74 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 200.000,00 euros

O prezo indicado constitúe a cantidade á que, como máximo, poderá adxudicarse o contrato, entendendo que o mesmo inclúe calquera tributo, gasto ou custo que poda repercutir no prezo final, salvo o IVE que deberá soportar a Administración contratante, que se indicará como partida independente.

Nembargante, o prezo que rexerá durante a execución do contrato será o ofertado polo adxudicatario, que poderá incluír na súa oferta melloras á baixa sobre o tipo de licitación, para o que deberá ter en conta que a devandita baixa deberá comprender tamén os tributos e gastos sinalados na presente cláusula.

Para financiar as obrigas que se deriven da presente contratación existe, segundo consta no informe de intervención de data 01 de agosto de 2012, consignación orzamentaria na aplicación 9320.22706 por importe de 20.0000,00 euros.

De acordo co disposto no artigo 88 do TRLCSP, o valor estimado do contrato está determinado polo importe total do mesmo, sen incluír o IVE (incluíndo calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato), polo que o valor estimado no presente contrato ascende á cantidade de 165.289,26 euros.

QUINTA. – DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de duración do contrato será de 18 meses contado a partir da subscripción do contrato administrativo.

SEXTA. – REVISIÓN DE PREZOS

O contrato poderá ser obxecto de revisión de prezos de acordo co disposto no artigo 89 do TRLCSP, establecéndose como fórmula de revisión a variación que experimente o IPC, coa finalidade de manter o equilibrio financeiro do contrato e a fin de non causar prexuízo a ningunha das partes do contrato. En aplicación do disposto no artigo 90.3 do TRLCSP, a revisión non poderá superar o 85 % da variación experimentada polo referido IPC. A revisión de prezos terá lugar, no seu caso, cando o contrato se executase, polo menos, no 20 por 100 do seu importe e transcorrese un ano desde a súa formalización. , data que se tomará como referencia co fin de determinar o momento a partir do cal procede a revisión de prezos e os seus efectos, tendo en conta o establecido no artigo 89.1 do TRLCSP. En consecuencia, o primeiro

20 por 100 executado e o primeiro ano transcorrido desde a formalización quedarán excluídos da revisión.

SÉTIMA. - CAPACIDADE PARA CONTRATAR. SOLVENCIA.

1. Están facultados para tomar parte na licitación e contratar coa Excma. Deputación provincial de Lugo, de conformidade co artigo 54 do TRLCSP, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias ou prohibicións contidas no artigo 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme ao establecido na cláusula décimo cuarta deste prego.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e disporán dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato. Ademais, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberá acreditarse pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España en cuxo ámbito radique o domicilio da empresa.

Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas ao efecto.

2. Ademais dos requisitos salientados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica a través dos medios de xustificación que, ao amparo dos artigos 62, 74, 75 e 78 do TRLCSP, se recollen na cláusula 14ª do presente prego.

3. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato deriven ata a extinción do mesmo (artigo 59 do TRLCSP).

Aos efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e as circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de se constituíren formalmente en unión temporal en caso de resultaren adxudicatarios do contrato.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que fan referencia as cláusulas seguintes.

Non poderán concorrer á licitación empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas ou documentos preparatorios do contrato, nin por sí nin mediante unión temporal de empresarios, sempre que a devandita participación poida provocar restricións á libre concorrncia ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras (artigo 56 do TRLCSP).

OITAVA. – PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O contrato será adxudicado mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 138 do TRLCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo artigo 150 do TRLCSP, os criterios obxectivos de adxudicación, reflíctanse debidamente puntuados, na cláusula 12ª deste prego.

NOVENA. – PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO

O presente procedemento estará suxeito ao seguinte réxime de publicidade:

- Convocatoria de licitación. Segundo dispón o artigo 142 do TRLCSP, publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante.
- Adxudicación De acordo co previsto no artigos 53 e o 151.4 do TRLCSP, a adxudicación será publicada no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante
- Formalización. De acordo co disposto no artigo 154 do TRLCSP a formalización publicarase, no Boletín Oficial da Provincia e no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante.

DÉCIMA.- GARANTÍAS ESIXIDAS.

1. Garantía provisional.

En atención ás circunstancias concorrentes neste contrato, e co obxecto de evitar a retirada inustificada da oferta, os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe de 4958,68 euros, equivalente ao 3% do orzamento de licitación establecido no presente prego, sen inclusión do IVE. (artigo 103 do TRLCSP)

Dita garantía deberá constituírse, de acordo coas normas establecidas nos artigos 96 e 103 do TRLCSP, así como nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP na Tesourería da Administración contratante, agás cando a súa constitución se efectúe mediante aval ou contrato de seguro de caución, en cuxo caso se realizará ante o mesmo órgano de contratación (mediante a inclusión do documento orixinal no sobre A), unha vez verificados de suficiencia (bastanteados) pola Vicesecretaría Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

No suposto de unións temporais de empresas, a garantía provisional poderá constituírse por unha ou varias das empresas participantes na unión, sempre que en conxunto se alcance a contía establecida no primeiro apartado desta cláusula e garanta solidariamente a todos os integrantes da unión.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última en cuxo caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente á constitución da definitiva, segundo dispón o artigo 103 do TRLCSP.

A administración contratante poderá incautar a garantía provisional a aqueles licitadores que retiren inxustificadamente a súa oferta. Cando por causas imputables ao adxudicatario no se formalice o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe de la garantía provisional Para o licitador que resulte adxudicatario a garantía provisional responderá do cumprimento das obrigas que lle impón o artigo 151.2 do TRLCSP.

2. Garantía definitiva

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar, no prazo indicado na cláusula 17ª, a constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE (artigo 95 do TRLCSP).

A garantía poderá constituírse, de conformidade co artigo 96 do TRLCSP, en metálico, mediante aval, en valores de débeda pública, por contrato de seguro de caución, cos requisitos establecidos nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería da Administración contratante. Os avais e os certificados de seguro de caución deberán estar verificados de suficiencia (bastanteados) pola Vicesecretaría Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 99 do TRLCSP.

No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixidas ao adxudicatario, éste deberá repoñer ou ampliar a garantía na contía que corresponda no prazo de quince días, contado dende a data en que se fagan efectivas, se é o caso, as penalidades ou indemnizacións , incorrendo, no caso contrario, en causa de resolución.

DÉCIMO PRIMEIRA. – LUGAR, E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

Segundo establece o artigo 159 do TRLCSP o prazo de presentación de proposicións será de 15 días naturais, contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia.

Se o último coincidise en domingo ou festivo, entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil.

A presentación poderá realizarse ben persoalmente, no Rexistro xeral da Excma. Deputación provincial de Lugo, ben mediante envío por mensaxeiría entregado dentro do prazo sinalado, ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de

26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante LRXPAC).

No caso de envío por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da LRXPAC, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación (a través do rexistro da entidade contratante), por Fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición (fax que se publica no anuncio de licitación). Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días dende a data sinalada no anuncio como data límite, sen que a proposta se tivese recibido, esta en ningún caso será admitida.

O Rexistro xeral da Excma. Deputación provincial de Lugo, ten horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a sábado.

A presentación das proposicións deberase realizar nunha soa das dependencias administrativas de entre as varias que existan para poder levala a cabo, rexeitándose no caso contrario todas as presentadas polo interesado.

Toda a documentación das proposicións presentadas deberá estar redactada en galego ou en castelán de conformidade coa Disposición adicional primeira do TRLCSP e co art. 35.d) da Lei 30/1992 (LRXPAC), A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao castelán ou galego.

A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego e do prego de prescricións técnicas, sen salvedade algunha.

Os interesados haberán de presentar as súas ofertas referidas á totalidade do obxecto do contrato.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativas na oferta presentada por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

Cada licitador está limitado a presentar unicamente unha única proposición, e polo tanto, non poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras empresas ou empresarios se o fai individualmente, ou ben, figurar en máis dunha unión temporal. A contravención dese principio dará lugar, de xeito automático, á desestimación de todas as ofertas ou propostas de licitación nas que figure, con independencia da boa fe dos outros concorrentes. (art. 145.3 do TRLCSP).

DÉCIMO SEGUNDA. – CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

SOBRE B: MEMORIA DE ACTIVIDADES E EN ESPECIAL AS MAIORES GARANTÍAS EN ORDE AOS MELLORES RESULTADOS DOS TRABALLOS A REALIZAR (ata 48 puntos), valorándose a entrega da descrición do proceso de execución dos traballos en relación aos seguintes aspectos:

- a. Estructura do proceso completo e integrado das execucións dos traballos con desglose das tarefas (ata 20 puntos)

- b. Procedemento de control e seguemento dos traballos de campo (ata 7 puntos)
- c. Procedemento de elaboración, control e seguemento de datos alfanuméricos (ata 7 puntos)
- d. Procedemento de elaboración, control e seguemento de datos gráficos (ata 7 puntos)
- e. Procedemento de control e seguemento para garantir as correspondencias entre os datos gráficos e alfanuméricos sinalados nas letras c e d

SOBRE C: OFERTA ECONÓMICA: Valorarásese exclusivamente o trámite 902 N urbana.
Se valorará desde 0 e ata os 52 puntos.

Para a valoración deste apartado terase en conta:

- Aquelas ofertas que igualen o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos.
- Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 13ª.
- Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$Po = POE * \frac{(OL - Oi)}{(OL - Ob)}$$

Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta económica (52 puntos)

OL = orzamento de licitación

Oi = oferta presentada

Ob = oferta máis baixa presentada

No caso de que dúas ou mais propostas obtivesen a mesma puntuación unha vez aplicados a totalidade dos criterios de adxudicación, terá preferencia para a adxudicación a empresa que tivese ofertado a mellor oferta respecto do criterio con mais puntuación, e, se persistise o empate, irase aplicando esta mesma preferencia, por orde de cada un dos criterios de adxudicación (por orde de maior a menor puntuación). Se aínda así persiste o empate aplicarase o disposto na disposición adicional cuarta do TRLCSP.

DÉCIMO TERCEIRA. – INCURSIÓN EN TEMERIDADE

Será considerado que, en principio, é desproporcionada ou temeraria a/s oferta que estea dentro dos supostos seguintes:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior a súa oferta ao orzamento de licitación en mais de 25 unidades porcentuais.
2. Cando, concorrendo só dous licitadores, a oferta que sexa inferior en mais de 20 unidades porcentuais respecto á outra oferta.
3. Cando, concorrendo tres licitadores, as ofertas sexan inferiores en mais de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Excluirase para este cómputo a oferta de contía mais elevada cando sexa superior en mais de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
4. Cando, concorrendo catro ou mais licitadores, as ofertas sexan inferiores en mais de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Sen embargo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en mais de 10 unidades porcentuais, se

procederá ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media se calculará sobre as tres ofertas de menor contía.

De conformidade co artigo 152.3 do TRLCSP, cando a Mesa de contratación identifique unha proposición que poida ser considerada anormal ou desproporcionada, dará audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vai a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado

Se o Órgano de Contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes técnicos preceptivos, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluírá a mesma da clasificación e acordará a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo co orde en que fosen clasificadas.

DÉCIMO CUARTA. – CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

As propostas que presenten os licitadores serán secretas e serán arbitrados os medios, pola Administración, que garantan ese carácter ata o momento da apertura.

Os licitadores deberán presentar as súas propostas dentro do prazo indicado na cláusula 11ª e, en cada un dos sobres que se citan nos apartados 1, 2 e 3 desta cláusula, no anverso dos que deberá figurar a lenda seguinte:

<< SOBRE " _ " (segundo proceda: "A", "B" ou "C") que presenta Dª./D. _____, en nome e representación da empresa " _____ " ou Unión Temporal-, con domicilio a efectos de notificación en _____, teléfono _____ Fax _____ e correo electrónico _____, para tomar parte no procedemento aberto do contrato de servizo de actualización do catastro inmobiliario en Concellos da Provincia de Lugo, expediente EXP0049SE12-ABO convocado pola Excm. Deputación provincial de Lugo.

En _____, __ de _____ de 201 -

(Sinatura do representante e selo da empresa)

Así mesmo, e co obxecto de axilizar o proceso da adxudicación, os licitadores facilitarán un número de Fax á Excm. Deputación provincial de Lugo e unha dirección de correo electrónico, ós efectos de que as comunicacións previas á proposta de adxudicación, esta mesma, a notificación así como outros actos posteriores, se poidan realizar por calquera destes medios.

I. SOBRE A: Subtitulado "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA", que de conformidade co disposto polo artigo 146 do TRLCSP; o art. 80.1 RXLC e concordantes, deberá conter a documentación que se relaciona a continuación, a cal deberá presentarse en

orixinal ou mediante copias autenticadas ou compulsadas, sen emendas, omisións ou tachadas e, precedendo a toda a documentación que de seguido se indica se fará constar, en folla aparte (dentro do sobre, como primeira páxina) un índice da totalidade dos documentos que o licitador presenta neste sobre “A

1º. Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 72 do TRLCSP e 21 RXLC):

a) Empresario Individual:

Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) e do Número de Identificación Fiscal (se non aparecera reflectido no DNI).

b) Persoas Xurídicas:

- Fotocopia do CIF da empresa.

- Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.

- Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

c) Cando o licitador actúe mediante representante, ou se trata dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) pola Vicesecretaría Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

d) Si se trata empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España en cuxo ámbito radique o domicilio da empresa.

As empresas estranxeiras, membros da comunidade europea ou non, deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativa a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

2º.- Documentos relativos a prohibicións para contratar e outros:

Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningunha das prohibicións para contratar, conforme ao artigo 60 do TRLCSP. Esta declaración comprenderá expresamente a circunstancia de encontrarse ó corrente das obrigas tributarias -incluídas as obrigas tributarias coa Excm. Deputación provincial de Lugo e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar expresamente que o licitador está dado de alta no IAE; no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, non tendo causado baixa no mesmo (Esta declaración poderá realizarse incluíndo no sobre A modelo que figura como Anexo, asinado polo licitador ou o seu representante legal). Nembargante os licitadores deberán ter en conta que, en caso de ser propostos para ser adxudicatario, deberán acreditar debidamente estas circunstancias, no prazo e coas formalidades previstos no presente prego (Cláusula 17ª).

3º.- Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica conforme ao establecido nos artigos 62, 74, 75 e 78 do TRLCSP

A solvencia económica e financeira poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes (artigo 75 do TRLCSP):

- a) Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante dun seguro de indemnizacións por riscos profesionais.
- b) Tratándose de persoas xurídicas, presentación de contas anuais ou extracto das mesmas, no suposto de que a publicación destas sexa obrigatoria nos Estados onde aquelas se atopen establecidas.
- c) Unha declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, servizos ou traballos realizados pola empresa no curso dos últimos tres exercicios.
- d) Certificado vixente expedido polo órgano competente no que se faga constar que o licitador está clasificado no grupo, subgrupo e categoría máis axeitados ao obxecto do contrato.

A solvencia técnica e profesional deberá acreditarse de conformidade artigo 78 TRLCSP aportando:

Unha relación dos principais servizos ou traballos de características similares ás do obxecto desta contratación, realizados durante os últimos tres anos, que inclúa importes, datas e destinatarios dos mesmos. Os servizos realizados acreditaranse mediante certificados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado ou declaración expedido por éste. Será requisito imprescindible que o licitador realizase dous contratos de servizos de características similares e orzamento análogo nos últimos tres anos, para estes efectos entenderáse por orzamento análogo, cando aquel tivera un orzamento que represente, ao menos, o 70% do orzamento do presente contrato.

4º.- Resgardo acreditativo da garantía provisional, se a mesma se constituíu en metálico ou títulos valores. Se se constituíu en forma de aval ou por contrato de seguro de caución, presentárase o propio aval ou o contrato de seguro verificados de suficiencia (bastanteados) pola Vicesecretaría Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

5º.- Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Ós efectos sinalados ó principio desta cláusula, os licitadores presentarán o seguinte documento:

D/D^a, no seu propio nome (ou: na representación da empresa), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice a Excm. Deputación provincial de Lugo para o servizo de actualización do catastro inmobiliario en Concellos da Provincia de Lugo, expediente EXP0049SE12-ABO, se realicen mediante o seu envío ó fax número: ou á dirección de correo electrónico:

En, de de 20.....

O Licitador,

(Sinatura do representante e selo da empresa).

6º.- Documentación que ademais da anterior, deberán aportar as Unións Temporais de Empresas:

1. No caso de non estar constituídas formalmente ó tempo de presentar a oferta, cada empresa que forme a unión, deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, na forma sinalada nos apartados 1º, letras b), c).
2. Figurará, así mesmo, o documento indicativo e debidamente asinado polos participantes na Unión sobre os nomes e circunstancias dos empresarios, a participación na unión de cada un deles, e a designación formal dunha persoa, persoas ou entidade, que, durante a vixencia do contrato, ostentará a representación da UTE ante a Administración contratante.

Empresas exentas de presentación de determinada documentación e documentos que a substitúen:

- ✓ As empresas inscritas no Rexistro de licitadores da Excm. Deputación Provincial de Lugo, quedan eximidas da presentación da documentación á que fan referencia os apartados anteriores, salvo o apartado 1ºc, 3º, 4º e 5º anteriores, debendo aportar, no seu lugar, certificado ou documento bastante que acredite dita inscrición con data posterior ó inicio do prazo de licitación. O certificado ou documento que acredite a inscrición no Rexistro de licitadores deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que os datos declarados no momento da súa inscrición non experimentaron variación (Ver modelo Anexo).

A falsidade ou inexactitude dos datos declarados polo licitador poderá provocar a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución contractual, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios.

Non poderá incluírse neste sobre A, información que permita determinar a puntuación que os licitadores acadarían en base aos criterios de adxudicación. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar a súa exclusión do procedemento de adxudicación.

II. Sobre B: Subtitulado " CRITERIOS SUBXECTIVOS", que conterà a oferta técnica dos licitadores.

Non poderá incluírse neste sobre B, información que permita determinar a puntuación que os licitadores acadarían en base aos criterios de adxudicación obxectivos. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar a súa exclusión do procedemento de adxudicación.

III. Sobre C: Subtitulado " CRITERIOS OBXECTIVOS", incluírase que a proposición económica ofertada polo licitador

DÉCIMO QUINTA. – MESA DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de contratación, que será o órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de adxudicación.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP, a Mesa de Contratación asistirá ao órgano de contratación, estará integrada por:

PRESIDENTE:

O Ilmo.Sr. Presidente da Deputación provincial ou Deputado en quen delegue ou o substitúa legalmente.

VOGAIS:

- Un representante do grupo provincial do PSOE.
- Un representante do grupo provincial de BNG.
- Un representante do grupo provincial do PP.
- A deputada delegada de Economía e Facenda ou Deputado en quen delegue ou a substitúa.
- **Secretario Xeral da Deputación provincial de Lugo ou o Secretario Interventor do**
- A Interventora Xeral da Deputación provincial de Lugo ou funcionario en que delegue ou a substitúa.

SECRETARIO:

Un técnico do grupo A1 do Servizo de Contratación e Fomento.

DÉCIMO SEXTA. – VALORACIÓN DAS OFERTAS.

Cualificación da documentación e emenda.- A Mesa constituirase para a cualificación previa da documentación e comprobación da acreditativa da personalidade do licitador da súa capacidade e da súa solvencia técnica, económica e financeira (sobre "A"), dentro do prazo máximo dun mes, dende a data de remate do prazo de presentación de ofertas polos licitadores (artigo 160 TRLCSP). Ós efectos anteriores, a data, lugar e hora, será publicado no perfil do contratante da Excma. Deputación provincial de Lugo.

Se a Mesa observara defectos materiais na documentación presentada, dará conta aos asistentes dos erros detectados, concedendo, sempre que os referidos erros sexan cualificados

como subsanables, un prazo de 3 días hábiles de conformidade co artigo 146 do TRLCSP e o art. 81 do RXLC para que o licitador sanee o error apreciado, extremo que deberá ser notificado polo secretario da Mesa a través de Fax ou correo electrónico aos interesados. A Mesa de contratación, para os efectos de completar a acreditación da solvencia dos solicitantes, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios.

En todo caso, as proposicións presentadas que non se axusten ó contido estrito esixido pola Cláusula 14ª deste prego, non serán admitidas á licitación. Será concedida ós interesados a posibilidade de facer as manifestacións ou solicitar as aclaracións que estimen oportunas, procedéndose pola Mesa a dar respostas ás dúbidas sobre os extremos requiridos xa que, finalizado ese momento, non serán admitidas observacións nin interrupcións ó acto. Os interesados terán en conta que a Mesa non se fará cargo de documento novo ningún que presenten os licitadores nese momento.

De conformidade co artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, a apertura do sobre B, farase en acto público; acto que para esta contratación terá lugar o mesmo día fixado para a cualificación dos sobres A. Neste acto realizarase a apertura dos sobres “B”, dando ocasión aos interesados a comprobar que os sobres están nas mesmas condicións nas que foron entregados e procederase a verificación do contido dos mesmos

Si existira discrepancia entre as proposicións presentadas e a certificación ó efecto emitida ou ben, xurdan dúbidas sobre as condicións do segredo debido na súa custodia, o acto será suspendido de xeito inmediato iniciándose con urxencia as pescudas oportunas sobre os feitos, volvéndose a anunciar, no seu caso, e mediante inserción no perfil do contratante, o novo inicio do acto público unha vez que os sucesos estiveran debidamente clarexados.

Finalmente a Mesa solicitará informe relativo ao criterios de adjudicación non avaliábles automaticamente mediante fórmulas matemáticas (subxectivos) e, levantarase Acta da reunión que asinarán todos os membros da Mesa de Contratación.

Emitidos, de ser o caso, cantos informes foran solicitados pola Mesa de contratación de conformidade co artigo 160 do TRLCSP; a Mesa xuntarase de novo coa fin de proceder á apertura, en acto público dos sobres C. A puntuación asignada aos criterios non avaliábles mediante fórmulas darase a coñecer no acto público de apertura do sobre C de conformidade co disposto no artigo 150.2 do TRLCSP, e o artigo 30 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

De conformidade co artigo 22 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público; no mesmo día do acto anterior, ou ben nun acto posterior, a Mesa xuntarase co obxecto de realizar a valoración das distintas proposicións - nos termos previstos nos artigos 151 e 160 do TRLCSP, clasificándoas en orde decrecente de valoración e formular a proposta de adjudicación ó órgano de contratación, emitíndose, seguidamente, a Acta correspondente que se elevará ó indicado órgano, xunto co resto de Actas, informes, documentos e antecedentes que obren no expediente.

DÉCIMO SÉTIMA. – DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE PRESENTE A OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA.

De conformidade co artigo 151.2 do TRLCSP, O Órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación:

- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade ou no suposto de non estar obrigado ao pagamento. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen e deberá ir acompañada dunha declaración xurada de non ter causado baixa no referido/s epígrafe/s. No suposto de que o licitador estea exento do pagamento deberá acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable (ver modelo anexo).

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta.

- Certificación expedida póla autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

- Resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE, constituído de conformidade co disposto neste prego.

- Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar escritura pública de constitución como tal

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración (artigo 160.2 do TRLCSP), polo que non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas (artigo 151.2 do TRLCSP).

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 do RXLC, haberá de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións ás que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do RXLC e ter a vixencia indicada no artigo 16 do mesmo precepto legal.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar ademais certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite

que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade.

DÉCIMO OITAVA. – ADXUDICACIÓN.

O órgano competente para a contratación, deberá adoptar o correspondente acordo resolutivo de adxudicación, dentro do prazo máximo dous meses desde a data de apertura das proposicións, de conformidade co disposto no artigo 161 do TRLCSP, de non adxudicarse neste prazo, os licitadores teñen o dereito da devolución ou cancelación das garantías prestadas.

Os licitadores deberán manter as súas ofertas durante o prazo de dous meses desde a apertura das mesmas.

Os prazos indicados ampliaranse en quince días cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o artigo 152.3. do TRLCSP e a cláusula 13 deste prego.

De conformidade co artigo 151.3 do TRLCSP, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación referida na cláusula anterior.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego (artigo 151.3 do TRLCSP). Non obstante, nos termos previstos no artigo 155 do TRLCSP, a Administración, antes de ditar a adxudicación, poderá renunciar a asinar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non subsanables, debendo de indemnizar os licitadores, en ambos os dous casos, dos gastos que a súa participación na licitación lles efectivamente ocasionase.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 do TRLCSP).

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de Xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. O prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días

DÉCIMO NOVENA. – FORMALIZACIÓN.

O contrato que se deriva da presente licitación, se formalizará por escrito en documento administrativo na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adxudicación, aínda que sempre dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación (artigo 156 do TRLCSP).

Actuará como representante da Excma. Deputación de Lugo o Presidente - en uso das facultades que lle atribúe a Lei 7/85, do 2 de abril de bases de réxime local, e a Disposición adicional segunda do TRLCSP e, como representante do contratista quen así o teña acreditado

no expediente, salvo presentación de novos documentos e poderes notariais que verifiquen o outorgamento desa representación a persoa distinta. Dito contrato formalizarase ante a Secretaría da Excma. Deputación provincial de Lugo - en virtude do establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público - que asistirá nas súas funcións de fe pública, emitíndose tres exemplares do mesmo, coa fin da súa entrega as partes do contrato.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

VIXÉSIMA. – RESPONSABLE DO CONTRATO

A Deputación de Lugo poderá designar, de conformidade co artigo 52 do TRLCSP, unha persoa física ou xurídica, vinculada ou allea a ela, como responsable do contrato, quen supervisará a súa execución, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación. O responsable do contrato será o Xefe do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. – CUMPRIMENTO DO CONTRATO.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

A contratación que regula este prego está efectuada a risco e ventura do contratista que resultase adxudicatario, quen non terá dereito a indemnización algunha por perdas, avarías ou prexuízos que podan ser ocasionados nos mesmos durante ou con motivo da execución. A súa execución deberá realizarse dentro do prazo sinalado.

De conformidade co establecido polo artigo 222 do TRLCSP, finalizados os traballos obxecto do presente contrato deberá verificarse por persoal técnico correspondente, ao efecto facultado pola Excma. Deputación provincial, a idoneidade do servizo, para o cal, se constatará a idoneidade dos mesmos subscribíndose Acta positiva de Recepción. O contratista estará representado por quen ostente dita facultade no expediente. Unha vez subscrita esa Acta, comezará a contar o prazo de garantía.

Se o servizo non está na condición de ser recibido, deberá facerse acta que conteña este extremo, dándosele ao adxudicatario as instrucións precisas para que emende os defectos observados, de conformidade co pactado, sen prexuízo das consecuencias que disto se puidesen derivar. No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impoñer unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato.

VIXÉSIMO SEGUNDA. – OBRIGAS DO CONTRATISTA. GASTOS E IMPOSTOS.

O contratista virá obrigado a manter durante toda a vixencia do contrato as condicións referidas a súa capacidade de obrar, solvencia e as sinaladas no artigo 60 do TRLCSP. A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. (*art. 215 do TRLCSP*)

Serán obrigas xerais do contratista, ademais das contidas noutras cláusulas deste prego, as seguintes:

- A empresa adxudicataria deberá contar cunha infraestrutura adecuada para a execución do servizo
- O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que lle corresponderá, a todos os efectos, a condición de empresario.

Son de conta do contratista :

1. Todos os gastos derivados da publicidade da licitación que o órgano de contratación decida realizar en Boletíns Oficiais e nun xornal de cada provincia por unha soa vez (*art. 67.2.g RXLC*), así como os de formalización do contrato, se este se elevase a escritura pública. Os citados gastos de publicación descontaranse no primeiro pagamento efectuado a favor do contratista, salvo que o mesmo acredite o ingreso do custo daqueles na Tesourería da Administración contratante.
2. Encontrarase, así mesmo, obrigado ao pagamento de todo xénero de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias de administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen, salvo o IVE que deba ser soportado pola Administración.
3. Calquera gasto a que houberse lugar para a correcta execución do contrato.
4. A indemnización dos danos que podan causarse á Administración contratante ou a terceiros, como consecuencia das operacións que requiran a correcta execución do contrato, salvo se eses prexuízos estivesen causados por unha orde directa e inmediata de dita Administración (artigo 214 do TRLCSP). O contratista será responsable igualmente dos danos e perdas que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorrera, de acordo co establecido no artigo 305 do TRLCSP. Se o contrato se executase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.
5. Toda reclamación relativa á propiedade industrial, intelectual ou comercial, debendo indemnizar á Administración dos danos e prexuízos que para a mesma puidesen derivarse da interposición de reclamacións, incluídos os gastos derivados dos que eventualmente puidesen dirixirse contra a mesma.
6. O adxudicatario queda expresamente obrigado a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidese coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou utilizar con finalidade distinta á que figura neste documento, nin tampouco ceder a outros nin sequera a efectos de

conservación. Esta obriga subsistirá aínda que se extinga o contrato, ata que a devandita información chegue a ser de dominio público ou que, por outras causas, perda a súa consideración de confidencialidade, sen que medie incumprimento do deber de confidencialidade por calquera das partes contratantes.

A transgresión do deber de confidencialidade por calquera das partes ou polos seus empregados ou colaboradores será xusta causa de resolución do presente contrato, sen prexuízo, en todo caso, da indemnización que polos danos e prexuízos causados ao mesmo, haxa lugar.

A empresa adxudataria obrígase nos termos previstos polo artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, nos regulamentos de desenvolvemento da mesma, e nos pregos de prescricións técnicas, a garantir a total confidencialidade e seguridade dos datos aos que teña acceso para o seu tratamento.

O incumprimento das obrigas recollidas nesta cláusula por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a administración contratante.

VIXÉSIMO TERCEIRA. – PAGAMENTO.

O pagamento do prezo do contrato realizarase contra factura expedida de acordo coa normativa vixente, e logo de informe de valoración favorable do responsable do contrato. O contratista terá dereito ao abono dos traballos que efectivamente realizados nos termos descritos no prego de prescricións técnicas.

A Administración deberá aboar o importe do prezo dentro dos prazos establecidos no artigo 216 do TRLCSP. Ditos prazos computaranse a partir do seguinte á data de entrada no rexistro xeral dos documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. Cando a data de recibo da factura ou solicitude de pagamento equivalente se preste a dúbida, ou sexa anterior á recepción das mercadorías ou á prestación dos servizos, o prazo de trinta días se contará dende dita data de recepción ou prestación.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que a devandita cesión produza efectos, e a Administración expida o mandamento de pagamento a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fidedignamente a esta última o acordo de cesión (*art. 218 do TR LCSP*).

VIXÉSIMO CUARTA. - MODIFICACIÓN DO CONTRATO

De conformidade co artigo 219 do TRLCSP, o contrato poderase modificar por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos no título V do libro I, e de acordo co procedemento regulado no artigo 211. Nestos casos, as modificacións acordadas serán obrigatorias para os contratistas.

VIXÉSIMO QUINTA. - RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de nos supostos de incumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución (artigo 221 do TRLCSP), acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 225 e 309 do TRLCSP.

Á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante. *(art. 301.4 do TR LCSP)*

VIXÉSIMO SEXTA. – RÉXIME DE INVALIDED DO CONTRATO.

O réxime de invalidez do contrato será o recollido nos artigo 31 a 36 do TRLCSP.

VIXÉSIMO SÉTIMA.– SUSPENSIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivese lugar pola aplicación do disposto no artigo 216 do TRLCSP levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel (artigo 220 do TRLCSP).

Acordada a suspensión, a Administración aboará ao contratista, no seu caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto no artigo 309.3 do TRLCSP.

VIXÉXIMO OITAVA. - PRAZO DE GARANTÍA. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de un ano, a contar dende a acta de recepción, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularan reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que houberse podido incorrer, de acordo ao establecido no presente prego e nos artigos 305 e 307 do TRLCSP

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

Transcorrido un ano dende a data de terminación do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP (artigo 102 TRLCSP).

VIXÉXIMO NOVENA. - PROPOSTAS DE MELLORA OU MODIFICACIÓNS NO SERVIZO.

No suposto que o adxudicatario tivera proposto melloras de índole económica ou técnica no momento de formular a súa oferta e, aínda que as mesmas non fosen determinantes para a adxudicación do contrato, as mesmas terán carácter contractual. Tales melloras, non suporán, en caso ningún, incremento no prezo de adxudicación nin, polo tanto, do contrato. Se tales melloras non estiveran cumpridas expirado o prazo do contrato, o órgano de contratación, a

instancia do Responsable do Contrato, poderá esixir a realización das mesmas nos termos descritos na oferta do adxudicatario.

TRIXÉSIMA. – SUBCONTRATACIÓN.

O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, de conformidade co artigo 227 do TRLCSP, sempre que o importe total das partes a subcontratar non supere o 60 por 100 do importe de adxudicación do contrato. Os licitadores deberán indicar na súa oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, o nome ou perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos contratistas aos que se vaia encomendar a súa realización.

Lugo, 05 de novembro de 2012

A RESPONSABLE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

María del Carmen Dorado Duro

Lugo, de de 20

Conforme: O ADXUDICATARIO

ANEXO

Modelo de declaración de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración

D/D^a....., maior de idade, titular do DNI....., con domicilio a efectos de notificación ene actuando en nome propio (ou, de se lo caso, actuando en nome da entidade mercantilcon CIF número.....e con domicilio social en, representación que acredito por medio de escritura deoutorgada diante do Notario de, D/D^a....., o día, e co número de protocolo.....) declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración recollidas na lexislación vixente en materia de contratos.

No caso de persoas xurídicas: que os administradores da persoa xurídica que represento non están incursos en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración das enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

2.- Que estou o corrente no pago (que a persoa xurídica a que represento está ao corrente no pago) das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do RXLC.

3.- Que non teño pendente de pago (que a persoa xurídica a que represento non ten pendente de pago) ningunha débeda en período executivo coa Deputación de Lugo.

4.- Estar dada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e non ter causado baixa no mesmo

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de servizo de

Lugar, data e sinatura

MODELO DE AVAL (GARANTÍA DEFINITIVA)

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), con CIF , e con domicilio a efectos de notificacións e requirimentos na (rúa/praza/avenida, código postal, localidade), e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrígala neste acto, segundo resulta da verificación de suficiencia (bastanteo) de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA a: (nome e apelidos ou razón social do avalado), con CIF/NIF , en concepto de garantía definitiva en virtude do disposto polo artigo 95 do TRLCSP para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato), ante a Excm. Deputación provincial de Lugo, por importe de: (en letra y en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento da Excm. Deputación provincial de Lugo, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, nas súas normas de desenrolo e na normativa reguladora da Caixa xeral de depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que a Excm. Deputación provincial de Lugo ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para ello autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na la Lei de contratos do sector público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)
(razón social da entidade)
(firma dos apoderados)

Verificación de suficiencia (Bastanteo de poderes pola Asesoría Xurídica da C.X.D. ou Avogacía do Estado)		
Provincia	Data	Número ou código

MODELO DE AVAL (GARANTÍA PROVISIONAL)

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), con CIF , e con domicilio a efectos de notificacións e requirimentos na (rúa/praza/avenida, código postal, localidade), e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrígalas neste acto, segundo resulta da verificación de suficiencia (bastanteo) de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA a: (nome e apelidos ou razón social do avalado), con CIF/NIF , en concepto de garantía provisional en virtude do disposto polo artigo 103 do TRLCSP para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato), ante a Excm. Deputación provincial de Lugo, por importe de: (en letra y en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento da Excm. Deputación provincial de Lugo, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, nas súas normas de desenrolo e na normativa reguladora da Caixa xeral de depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que a Excm. Deputación provincial de Lugo ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para ello autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)
(razón social da entidade)
(firma dos apoderados)

Verificación de suficiencia (Bastanteo de poderes pola Asesoría Xurídica da C.X.D. ou Avogacía do Estado)		
Provincia	Data	Número ou código

ANEXO: MODELO DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA:

D/D^a _____, con domicilio a efectos de notificación en _____ (localidade, C.P. e provincia), rúa /praza _____ nº ____ teléfono _____ e Fax _____, co D.N.I. (ou Pasaporte ou Documento que o substitúa) N^o ____, actuando no seu propio nome (ou na representación de _____ co D.N.I. ou C.I.F. N^o _____, e domicilio en – rúa/praza, nº, localidade, CP, provincia–, nº de teléfono _____ e Fax _____), (1) toma parte no procedemento aberto e trámite ordinario para a adxudicación do servizo de actualización do catastro inmobiliario en Concellos da Provincia de Lugo, expediente EXP0049SE12-ABO segundo anuncios de licitación publicados no B.O.P. nº ____, de data ____ e para o que fai constar expresamente, que:

1. Acepta tomar parte na licitación do referido procedemento, estando de acordo coas condicións previstas pola Excma. Deputación provincial de Lugo.
2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexen na contratación e mailos seus Anexos, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos neses documentos, sen excepción ningunha.
3. Ofrece o prezo seguinte:
 - Expedientes 902 N urbana. A cantidade de _____ euros, aos que haberá que engadir _____ euros en concepto de IVE (_____ %), o que ascende a un total de _____ euros.
 - Expedientes 902 N rústica. A cantidade de _____ euros, aos que haberá que engadir _____ euros en concepto de IVE (_____ %), o que ascende a un total de _____ euros.
 - Expedientes 903 N, por cada finca resultante de agrupación segregación ou división. A cantidade de _____ euros, aos que haberá que engadir _____ euros en concepto de IVE (_____ %), o que ascende a un total de _____ euros.
 - Expedientes 904 N. Cambio de cultivo ou aproveitamento, cambio de uso ou derribo. A cantidade de _____ euros, aos que haberá que engadir _____ euros en concepto de IVE (_____ %), o que ascende a un total de _____ euros.
 - Unidades urbanas “especiais” pola súa complexidades (ex: naves industriais, complexos hoteleiros, campings...etc). A cantidade de _____ euros, aos que haberá que engadir _____ euros en concepto de IVE (_____ %), o que ascende a un total de _____ euros.
4. Se compromete e obriga expresamente a presentar no Rexistro Xeral da Excma. Deputación provincial de Lugo, e dentro do prazo máximo de dez días hábiles dende recibida a comunicación sobre a proposta de adxudicación, a documentación á que fai referencia á Cláusula 17 do referido prego.

En _____, ____ de _____ de 20 _____.
O LICITADOR (Sinatura do representante legal e selo da empresa)

ANEXO

Modelo de declaración responsable sobre exención do pago do IAE

D/Dª....., maior de idade, titular do DNI....., con domicilio a efectos de notificación ene actuando en nome propio (ou, de se lo caso, actuando en nome da entidade mercantilcon CIF número.....e con domicilio social en, declaro baixo a miña responsabilidade:

1. Que a empresacon CIF, está dada de alta na Axencia Tributaria en/nos epígrafes/s, e está exenta do pago do IAE no exercicio....., en/nos epígrafes.....de conformidade co artigo 82, apartado 1, letra c do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Para que así conste, asino a presente declaración.

ANEXO

Modelo de declaración responsable sobre a vixencia da clasificación aportada.

D/D^a....., maior de idade, titular do DNI....., con domicilio a efectos de notificación ene actuando en nome da entidade mercantil,con CIF número.....e con domicilio social en declaro baixo a miña responsabilidade:

Que o certificado de clasificación aportado para a contratación do servizo de actualización do catastro inmobiliario en Concellos da Provincia de Lugo, expediente EXP0049SE12-ABO expediente , expedido con data e número de expediente , se mantén vixente por canto as condicións e circunstancias que serviron de base para o seu outorgamento non experimentaron variación algunha.

A clasificación ostentada é indefinida e a empresa cumpriu coas obrigas de xustificación periódica de mantemento da solvencia recollidas no artigo 70 do TRLCSP.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente declaración

En _____, __ de _____ de 20 _____ .

O LICITADOR

(Sinatura do representante legal e selo da empresa)

ANEXO

Modelo de declaración responsable sobre a vixencia dos datos que figuran no Rexistro de licitadores da Excma. Deputación provincial de Lugo.

D/D^a....., maior de idade, titular do DNI....., con domicilio a efectos de notificación ene actuando en nome da entidade mercantil,con CIF número.....e con domicilio social en declaro baixo a miña responsabilidade:

1. Que a empresa que represento se atopa inscrita no Rexistro de licitadores da Excma. Deputación provincial de Lugo co número .
2. Que as condicións e circunstancias declaradas no momento da inscrición, e que serviron de base para a mesma, non experimentaron variación algunha.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente declaración

En _____, __ de_____ de 20 .

O LICITADOR

(Sinatura do representante legal e selo da empresa)